

Asociación Internacional de Estudos Galegos (AIEG)

Candidatura *Rosa dos Ventos*
á Executiva 2009-2012

Candidatura *Caerdydd/Cardiff*
para o X Congreso da AIEG en 2012



Candidatura Rosa dos ventos

Somos un grupo de homes e mulleres residentes en todo o mundo que temos en común o noso traballo a prol da Galiza, a súa cultura e a súa ciencia. Propoñémonos como próxima executiva da Asociación Internacional de Estudos Galegos (AIEG) 2009-2012.

Candidatura Rosa dos ventos

Escollimos a Rosa dos Ventos e a súa representación porque nela achéganse Gales e Galiza, que son os territorios que procuraremos enlazar no futuro X Congreso da AIEG, se a nosa candidatura fose aceptada. Ademais, nesta imaxe que levamos como guieiro atopamos o mar que nos comunica como residentes de territorios afastados, a pregunta pola exploración do descoñecido, a procura doutros horizontes, doutras olladas e doutras xeografías, pero tamén doutras ideas e maneiras de entender o mundo. Dalgún xeito, amais, cadaquén de nós e a equipa que conformamos somos persoas exploradoras co desexo de encabezar a nave que é a AIEG para saírmos ao mundo (das ciencias, do coñecemento, das tecnoloxías, do pensamento, dos medios) a facer o camiño, aquel que todos os socios e socias queiramos trazar e percorrer. E nesa viaxe a Rosa dos ventos da nosa identidade mesturada, complexa e en formación (como todas o son) será o guieiro para avanzar polo mundo adiante.

Aquí estamos:

PRESIDENTE:

Craig Patterson
pattersonc1@cardiff.ac.uk
Universidade de Cardiff
Filoloxía Galega e Hispánica

VICE-PRESIDENTA:

María Filipowicz Rudek
maria.filipowicz-rudek@uj.edu.pl
Universidade de Jagiellonian, Cracow
Filoloxía Galega

SECRETARIO DE RELACIÓNS INSTITUCINAIS:

Gonzalo Vázquez Pozo
gvazquezpozo@ecodixital.com
Editor

TESOUREIRA:

Elisa Fernández Rei
elisa.fdez@gmail.com
Universidade de Santiago
Filoloxía Galega

SECRETARIA:

Olga Castro Vázquez
olgacastro@uvigo.es
Universidade de Vigo
Tradución e Lingüística

VOGAL 1:

Xabier Cid
xabier@xabiercid.eu
Universidade de Stirling
Centro de Estudos Galegos

VOGAL 2:

Neves Rodríguez Brisaboa
brisaboa@udc.es
Universidade de A Coruña
Informática

VOGAL 3:

Rosa Aneiros
rosaneiros@hotmail.com
Consello da Cultura Galega

VOGAL 4:

Débora Campos
camposdebora@gmail.com
Universidade de Bos Aires
Ciencias da Comunicación

Obxectivos xerais

Proxectamos o noso traballo na AIEG con este feixe de ideas guieiras para os anos 2009-12.

- ◆ Apoiar e promover a lingua e cultura galega a través da difusión de cantas actividades de carácter científico e académico se organicen sobre Galiza e o galego a nivel internacional.
- ◆ Aumentar a presenza internacional e multidisciplinar da AIEG por unha rigorosa campaña de promoción e contactos, para acadar unha ampla representación de opinións, saberes e experiencias de eidos coma a economía, a música, o deporte, a ciencia, o dereito, a comunicación e o pensamento.
- ◆ Potenciar a páxina web da AIEG. Crear unha web doadamente modificábel para facilitarlle ás sucesivas directivas da AIEG o seu mantemento actualizado. Ademais desexamos que esa web estea enlazada cunha verdadeira hemeroteca virtual na que todas as revistas científicas relacionadas con Galiza estean representadas, ben directamente tendo aí publicados dixitalmente os seus sucesivos números (ou cando menos os seus índices), ou ben mediante enlaces ás súas respectivas páxinas web no caso de que xa as teñan. Noutras palabras, queremos que a AIEG, no seu compromiso coas revistas de carácter científico relacionadas con Galiza, lles ofrezca a estas unha ferramenta cómoda para que poidan ter unha web-hemeroteca propia na que publicar automaticamente os seus sucesivos números. Deste xeito a AIEG centralizará na súa web o acceso a unha hemeroteca completa das revistas relacionadas con Galiza. Para desenvolver este ambicioso proxecto, esta candidatura, de acadar a dirección da AIEG, comprométese a buscar os fondos e subvencións necesarias.
- ◆ Facer visíbel a AIEG noutros congresos e coloquios ao longo de 2009-12 así como nas publicacións científicas internacionais.
- ◆ Estreitar lazos científicos e culturais con Gales.
- ◆ Incrementar a presenza no ciberespazo de contidos relevantes sobre Galiza e en galego.

- ◆ Manter e mellorar o orzamento xeral da AIEG.
- ◆ Estabelecer máis vínculos oficiais así como diversos protocolos de colaboración coas principais institucións do país para a divulgación e promoción das actividades destas entidades.

Gustaríanos deixar o ronsel destas obras cumpridas logo do período 2009-2012.

- ◆ *A fuxida das minorías e a Patagonia arxentina: un punto de encontro entre Gales e Galiza*. Presentación dos traballos centíficos sobre eses vínculos pouco investigados en relación ás diásporas galegas e galesas.
- ◆ Traballar nos contextos galeses e galegas (e semellantes) segundo distintas disciplinas para a organización de intercambio de conferencistas, de publicacións e de actividades conxuntas.
- ◆ Creación dunha web que sirva como punto de enlace para cantas actividades científicas e académicas sobre Galiza se realicen no mundo. Desenvolvemento desde este espazo dunha verdadeira hemeroteca virtual na que todas as revistas científicas relacionadas con Galiza estean representadas.
- ◆ *As nacións sen estado do arco atlántico no seo da UE*.
- ◆ Manter entrevistas con todas as autoridades do eido cultural galego para tecer lazos de colaboración e liñas de financiamento.
- ◆ Manter e difundir un boletín informativo dixital que concentre a información que se atopa na web e as novidades da AIEG.
- ◆ Estabelecemento dunha liña de axudas ou bolsas propias para fomentar os estudos galegos multidisciplinares.

Proposta Caerdydd/Cardiff para a celebración do X Congreso da AIEG

Esta proposta pretende solicitarlle á asemblea do IX Congreso da Asociación Internacional de Estudos Galegos que a Universidade de Cardiff (Gales) acolla o décimo congreso, que terá lugar en 2012. Detállanse a seguir todos os elementos que fan da Universidade de Cardiff un centro idóneo para desenvolver a actividade.

Os Estudos Galegos nas Illas Británicas xogaron un papel decisivo nas transformacións significativas deste eido académico desde finais do século XX: evoluíron até ser un campo autónomo dentro dos estudos hispánicos e lusófonos, e estiveron ampla e regularmente representados nos congresos e nas revistas principais. É máis, achegaron avances significativos e cualitativos, marcados por congresos internacionais como 'A Galaxia explicada: Cultura galega en diálogo' (Stirling, xuño 2007), 'Coming out of the Nation: Beyond the National in Galician Cultural Production' (Liverpool/Bangor, marzo 2008) e 'Sobre o tempo e as palabras: a cultura galega contemporánea a exame' (Cork, xuño 2008). Estes foros fomentaron un diálogo sobre os temas claves e afortalaron as perspectivas dos congresos da AIEG. Ademais, Cardiff comparte con outra universidade galesa, Bangor, a xestión da revista Galicia 21: Journal of Contemporary Galician Studies.

O establecemento dun congreso da AIEG na universidade galesa máis prestixiosa e importante supón un desenvolvemento lóxico en termos históricos, culturais e didácticos. Os factores sinalados de seguido dan mostra do axeitado que resultaría Cardiff para albergar o congreso de 2012:

- Padróns históricos e culturais comúns entre Gales e Galicia, como un patrimonio antigo compartido e narrativas e iconas culturais semellantes; a emigración e as diásporas; unha cultura local debilitada por unha comunidade veciña máis grande ou poderosa; un período de declive cultural seguido por un rexurdimento no albor do Romanticismo; autonomía política e transferencia de competencias do goberno central ao rexional, etc. Os proxectos e iniciativas nos que se colabore no futuro abordarían estes temas de maneira conxunta xunto a outras institucións de Cardiff e do conxunto de Gales.
- A presenza dunha lingua e dunha nación minoritaria dentro dun estado máis grande e en situación de cooficialidade.
- Iniciativas comúns para defender e protexer a cultura local, nacional e distintiva, que funcionen como un antídoto contra a homoxeneidade da globalización e como un recoñecemento práctico da diversidade pacífica de culturas.

- A importancia da cultura rural ou non-urbana na identidade galesa.
- A importancia da relixión na identidade cultural galesa.
- O papel que desempeña o mar na historia de Gales e na identidade galesa.

Ás históricas conexións entre Gales e Galicia, e á similitude dos seus contextos poboacionais, xeográficos, sociais ou mesmo políticos, hai que sumarlle a orientación do departamento de Linguas Modernas da Universidade de Gales no potenciamento do peso curricular das culturas periféricas de España. Ademais, o departamento forma parte dunha School of European Studies, co cal o galego se integra nunha mesma dinámica de observación do global a carón dos departamentos de alemán, italiano, francés e ciencias políticas. A situación lingüística de Galicia e as actuacións de promoción do galego en todos os ámbitos, pero especialmente na universidade, deben servir de bo modelo aos galeses e galesas, do mesmo xeito que Galiza pode sacar moito proveito do exemplo galés. Esperamos que a oportunidade do congreso en 2012 sirva como ponte entre os dous países e as súas culturas, ademais doutras identidades que se vexan vinculadas ao longo dese camiño galés entre Cardiff e Santiago de Compostela.

A Universidade de Cardiff achegaría a infraestrutura necesaria para a xestión satisfactoria do Congreso de 2012, e as súas facultades apoiarán cun amplo abano de perspectivas críticas a análise multidisciplinar da cultura galega, co que axudará na visibilización internacional e no aumento da investigación a nivel transfronteirizo. Un exemplo chave sería promover a investigación interdisciplinar nos campos da sociolingüística, do contacto lingüístico, da promoción de linguas, do estatus legal, do prestixio social e dos estudos comparados ou da tradución como mediación lingüística e intercultural. É máis, as facultades e institucións dentro da Universidade de Cardiff achegan dúcias de oportunidades de colaboración do local e o global, como a rede de investigación da Escola de Filoloxía Inglesa, Ciencias da Comunicación e Filosofía, o Centro Galés de Gobernanza e a Escola de Xornalismo, Medios de Comunicación e Cultura.

Para a promoción do Congreso, poderían potenciarse ao máximo as redes actuais de prensa e medios de comunicación televisivos galegos tanto como os seus equivalentes galeses. Pódense establecer uns vencellos produtivos con institucións e organismos parellos en Gales, así como nos diversos centros do Instituto Cervantes no Reino Unido. O Dr. Patterson xa ten desenvolvido estreitos vínculos de colaboración co Welsh Arts Council (Consello das Artes de Gales), coa emisora da BBC Gales, coa Welsh Assembly (Parlamento de Gales), co Welsh Centre for International Affairs (Centro Galés de Asuntos Internacionais), co Institute of Welsh Affairs (Instituto de Asuntos Galeses), co Welsh Bureau for Lesser Used Languages (Oficina

Galesa para as Linguas Minorizadas), co centro cultural Chapter e coa editorial Planet, entre outras institucións.

Dr. Craig Patterson

Universidade de Cardiff

Candidato á presidencia da executiva 2009-2012 da Asociación Internacional de Estudos Galegos